



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E
ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DA XUNTA DE GALICIA E A ASOCIACIÓN DE GAITEIROS
GALEGOS PARA A REALIZACIÓN DA IV XORNADAS SOBRE O BAILE TRADICIONAL E V
XORNADAS ARREDOR DA MÚSICA TRADICIONAL**

En Santiago de Compostela, **29 XUN. 2017**

REUNIDOS:

Dunha parte, Román Rodríguez González, actuando en representación da Xunta de Galicia, en virtude do seu cargo de conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, para o que foi nomeado polo Decreto 148/2016, do 13 de novembro de 2016, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia e o artigo 2 da Resolución do 8 de abril de 1991, pola que se publica o acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991



Doutra, Xosé Manuel Tubío Fernández, na súa calidade de presidente da Asociación de Gaiteiros Galegos (en adiante Asociación), con CIF G-15208358, actuando en nome e representación da entidade, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos, tal como figuran nos arquivos desta consellería.

As dúas partes interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das súas facultades que para convir no nome das entidades que representan teñen conferidas, e,



EXPOÑEN:

Que as dúas entidades son conscientes da necesidade de actuacións de carácter sociocultural que permitan unha adecuada oferta, co obxecto de satisfacer as necesidades en materia cultural.

Que a Xunta de Galicia ten atribuídas funcións en materia de fomento da cultura, de acordo co establecido no artigo 27.19º do Estatuto de Autonomía, en consonancia co estipulado no artigo 148.1º.17ª da Constitución Española. Dentro dese ámbito competencial, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria vén desenvolvendo dende anos atrás unha serie de actuacións encamiñadas á divulgación, información e promoción da cultura, para achegar o máximo posible o noso patrimonio cultural á sociedade en xeral.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria quere acometer a realización de actividades de promoción e divulgación do patrimonio e da cultura galega; mediante a programación de actuacións de recuperación da nosa cultura preténdese acadar unha maior eficacia na consecución destes obxectivos, por medio do desenvolvemento de actividades culturais e de fomento da cultura en lingua galega.

A Asociación de Gaiteiros galegos é unha asociación sen fin de lucro que ten entre os seus obxectivos: o estudo, fomento e divulgación da cultura da gaita galega; a defensa e dignificación da gaita galega e da figura do gaiteiro; a posta en valor diante da sociedade da música tradicional galega; a representación de todos os gaiteiros e músicos tradicionais asociados; promover nas distintas administracións públicas a necesidade de normalizar a presenza da música tradicional galega en todos os ámbitos; organización de actividades que dignifiquen a música tradicional (festivais, xornadas, concursos..); recuperación e divulgación da música.



A Asociación de Gaiteiros Galegos continuará un ano máis coa súa labor de promoción e difusión da cultura tradicional, a través da realización de actividades nas distintas provincias galegas, potenciando a participación da cidadanía e programando actividades abertas e dinámicas para todos os amantes da cultura tradicional e para a poboación en xeral, para iso resulta fundamental a implicación da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, xa que este é un proxecto potente e ambicioso, de promoción da nosa cultura e dos nosos valores.

Neste ano 2017 a Asociación desenvolverá IV Xornadas sobre o baile tradicional e a V Xornadas arredor da música tradicional. O obxecto destas xornadas é analizar a situación da música tradicional na actualidade e a súa evolución no tempo, poñendo en contacto a persoas achegadas dun o doutro xeito á cultura tradicional.

Por isto, para acadar unha maior eficacia na execución de actuacións, dado o interese común das partes asinantes, que teñen intereses coincidentes, é polo que asinan este convenio de colaboración, de acordo coas seguintes,



ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA.- Obxecto e actuacións

É obxecto deste convenio a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Asociación de Gaiteiros Galegos a realización de IV Xornadas do baile tradicional e V Xornadas arredor da música tradicional.

IV Xornadas sobre o baile tradicional (Lugo): Esta actividade é necesaria e de moita utilidade, sobre todo, para as persoas implicadas no sector do baile tradicional, pero tamén de moito interese para a poboación xeral, xa que calquera cultura que queira gozar

de boa saúde haberá de preocuparse de ter presenza, e achegar as súas tradicións á sociedade.

Con estas xornadas dáse relevancia a unha parte moi importante na tradición galega como é a súa expresión corporal, o baile. Xunto cos profesionais, estudosos, e persoas destacadas do sector, analizarase o estado do baile en Galicia, tomando as medidas oportunas para a súa normalización. Nas xornadas realizaranse relatorios, obradoiros, e mesas para potenciar o seu ensino, promover a súa difusión e propoñer materiais, métodos e actividades que o acheguen non só ao ámbito das asociacións culturais, senón tamén ao mesmo ensino oficial público e privado.

V Xornadas arredor da música tradicional (Cotobade-Pontevedra): A través desta actividade amosarase a riqueza existente na nosa cultura tradicional e incidirase na importancia que teñen os traballos de investigación realizados neste campo para poder coñecer, afondar e transmitir as nosas tradicións. Actividades deste tipo son precisas tanto para a xente implicada na música tradicional, como para o resto da poboación, xa que nelas traballase arredor da riqueza cultural existente en Galicia dunha maneira aberta, chea de contidos e na que se pode participar de xeito activo nos distintos debates, obradoiros e relatorios.

De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrencia pública para a realización destas actividades, por canto se trata de actividades únicas e de especiais características, por todo o que representan estas xornadas na cultura de Galicia, e a Asociación de Gaiteiros Galegos, que aglutina a maior parte dos músicos tradicionais de Galicia, a que posúe a especificidade como beneficiario así como a da actuación subvencionada e o interese social da axuda concedida.



Así mesmo e de acordo coa planificación estratéxica realizada pola Secretaría Xeral de Cultura, para o ano 2017, e dada a especificidade e exclusividade das actividades a realizar baseadas en criterios obxectivos, a sinatura deste convenio encádrase dentro dos previstos nese plan.

SEGUNDA.- Obrigas da Asociación de Gaiteiros Galegos

A Asociación de Gaiteiros Galegos comprométese, pola súa parte, a facer constar en toda a publicidade que xeren estas actividades –tanto impresa como audiovisual- a colaboración Xunta de Galicia, para o que utilizará a normativa da imaxe corporativa da Xunta de Galicia. Así mesmo comprométese ao cumprimento das obrigas contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e en especial as recollidas no artigo 11 desta norma. Tamén será de aplicación o establecido no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, en canto non se opoña á lexislación anterior. Con carácter supletorio, será de aplicación o disposto na Lei 38/2003 xeral de subvencións e no seu regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo.

Os beneficiarios deberán dar cumprimento as obrigas de publicidade que se establecen no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

O beneficiario ten a obriga de prestar colaboración e facilitar tanta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e ao Consello de Contas.

A Asociación deberá presentar declaración responsable, para proceder á sinatura do convenio e despois para o seu pagamento, de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha



outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, segundo o establecido no artigo 10 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e no artigo 11 do Decreto 11/2009, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

A sinatura deste convenio implica, de ser o caso, a autorización á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para solicitar as certificacións acreditativas de que se atopa ao corrente das obrigas tributarias estatais e autonómica e da seguridade social, así como que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo co establecido na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, disposición adicional cuarta da Lei 40/1998, de 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias, e demais disposicións de aplicación.

 A Asociación comprométese a destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos. A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria poderá comprobar, cando o considere pertinente, a execución das actividades obxecto deste convenio.

TERCEIRA.- Financiamento

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria comprométese a aboar a cantidade de 6.000 €, con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias:

10.20.432B.481.2(proxecto 2015 00372) : a cantidade de 1.500 €

10.20.432B.781.1 (proxecto 2015 00372): a cantidade de 4.500 €



No caso da achega con cargo á aplicación 10.20.432B.481.2, 1.500 €, a asociación poderá solicitar pagos anticipados de ata o 80% como máximo, segundo o disposto no artigo 63.1.1 do Regulamento de subvencións de Galicia; neste caso o importe máximo que poderán solicitar será de 1.200 €.

No caso da achega con cargo á aplicación orzamentaria 10.20.432B.781.1, 4.500 €, a asociación poderá solicitar pagos anticipados de ata o 50% como máximo segundo o disposto no artigo 63.1.2 do Regulamento de subvencións de Galicia; neste caso o importe máximo que poderán solicitar será de 2.250 €.

A Asociación tamén poderá solicitar pagos a conta, artigo 62 do Regulamento de Subvencións, que responderán ao ritmo de execución das actividades subvencionadas aboándose pola contía equivalente á xustificación presentada.

O importe conxunto dos pagos a conta e dos pagos anticipados que se concedan non poderá exceder do 80%, ou sexa 4.800 €.

O artigo 65.1 do Regulamento de subvencións de Galicia establece que os beneficiarios están obrigados á constitución de garantías cando se prevexa a posibilidade de realizar pagamentos á conta ou anticipados; o artigo 65.4.i) recolle que quedarán exonerados da constitución de garantía os beneficiarios das subvencións concedidas cando os pagamentos non superen os 18.000 €.

No caso de que a asociación solicite pagamentos anticipados deberá presentar unha memoria xustificativa e económica na que se recollan as actuacións que ten previsto realizar co custo das actividades.



CUARTA.- Xustificación dos gastos

A xustificación do cumprimento das condicións impostas e do seu custo deberá levarse a cabo de acordo co previsto nos artigos 28 e seguintes da Lei 9/2007. A data tope de presentación da documentación xustificativa da actividade e, se fora o caso, da xustificación dos gastos que restasen por aboar ata acadar o 100% da contía concedida é o 30 de novembro de 2017.

A documentación requirida na fase xustificativa presentarase electronicamente na Carpeta do cidadán da persoa solicitante/representante, <https://sede.xunta.es/carpeta-do-cidadan>.

A Asociación presentará electronicamente a xustificación da subvención, coa data límite de 30 de novembro de 2017 e incluírá a seguinte documentación:

- Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións obxecto deste convenio, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas que conterá:
 - ✓ Unha relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acredor, do importe, data de emisión e data de pagamento.
 - ✓ As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente incorporados na relación a que se fai referencia no parágrafo anterior e a documentación acreditativa do pagamento.
- Unha relación detallada, se é o caso, doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.

A presentación desta información é requisito imprescindible para a tramitación do pagamento, devolvendo toda a xustificación que non o cumpra.



En todo o relativo aos gastos subvencionables deberá cumprirse o disposto no artigo 29 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (modificado pola Lei 12/2011, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas).

De conformidade co previsto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, para efectos desta xustificación consideraranse os gastos realizados durante o ano 2017, dende o 1 de xaneiro ata a data tope de xustificación da axuda, que respondan á natureza da actividade subvencionada.

No caso de que a Asociación non xustifique ou a xustificación sexa insuficiente, procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de demora correspondente dende o momento do pagamento de subvencións ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.



Cando a actividade fose financiada ademais de con esta subvención con fondos propios ou con outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas. O importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada. En caso de superar procederá o reintegro do exceso obtivo sobre o custo da actividade subvencionada así como a esixencia do xuro de demora correspondente.

QUINTA.- Comisión de Seguimento

Créase unha comisión mixta de seguimento para aclarar as dúbidas derivadas da interpretación e execución deste convenio, formada polo secretario xeral de Cultura, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, e polo presidente da Asociación de Gaiteiros Galegos.



SEXTA.- Causas de resolución

O incumprimento de calquera das estipulacións deste convenio constituirá causa suficiente para a súa rescisión, e así mesmo procederá o reintegro da subvención cando concorra algunha das causas previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

SÉTIMA.- Publicidade

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

Así mesmo, a Asociación de Gaiteiros Galegos acepta e consinte a remisión do convenio, logo da súa sinatura, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

De acordo co establecido no artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa, que introduciu diversas modificacións na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o contido deste convenio será publicado na Base de Datos Nacional de Subvencións, nos termos recollidos no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

Así mesmo, será obxecto de publicidade no Rexistro de Axudas, Subvencións e Convenios, ao abeiro do disposto no decreto 126/2006, do 20 de xullo e no decreto 132/2006, do 27 de xullo.





OITAVA.- Xurisdición

En todo o non previsto no presente convenio será de aplicación a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e a súa normativa de desenvolvemento. Aplicarase con carácter supletorio a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Ademais, será de aplicación a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Este convenio ten natureza administrativa. A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para o coñecemento de posibles cuestións litixiosas que poidan suscitarse como consecuencia del.

NOVENA- Vixencia

O período de vixencia deste convenio será dende a súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2017, sen prexuízo de que se subvencionen as actividades realizadas dende o 1 de xaneiro de 2017.

DÉCIMA.- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.



As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Este convenio obriga ás partes que o asinan ao seu cumprimento, e ambas as dúas sométense ao acordado en tódalas estipulacións. Esténdese en duplicado exemplar, no lugar e data arriba indicados.

O conselleiro de Cultura, Educación e
Ordenación Universitaria

Román Rodríguez González



O presidente da Asociación de Gaiteiros
Galegos

Xoan Manuel Tubío Fernández

